



PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 17-08-2022, ditou a resolución con número 2400/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Listaxe de substitucións coa categoría profesional de operarios de motobomba (2022/E001/000012).

Antecedentes.

Primeiro.- Con data 20 de xuño de 2022 asinouse o Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Carballo para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Segundo.- Por Resolución da Alcaldía núm. 2101/2022 do 20 de xullo de 2022, aprobáronse as bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal da brigada de incendios e de 3 prazas de operarios de motobomba, que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia núm. 137 do 20/07/2022 e no Taboleiro de Anuncios do Concello. O prazo de presentación de instancias foi do 21/07/2022 ao

Terceiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 2307/2022, do 04/08/2022, aprobouse a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as (Anexo I, II, III e IV) e excluídos/as (Anexo V, VI, VII e VIII) no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, así como, de tres operarios de motobomba.

Cuarto.- Con data de 10 de agosto de 2022 o órgano de selección, tras finalizar o procedemento de selección, na súa segunda e última acta, eleva a Alcaldía proposta de contratación a favor dos aspirantes que superaron o proceso selectivo no que se refire as categorías seguintes: 1 praza de xefe de brigada, 1 praza de peón de brigada e 3 prazas de operario de motobomba.

Así mesmo, na dita acta num. 2 e última do 10/08/2022 o tribunal eleva a alcaldía proposta de listaxe de reserva unicamente para a categoría de operario/a de motobomba, xa que para as restantes categorías non formula proposta de listaxe de reserva por non terse presentado máis aspirantes ao desenvolvemento da fase de oposición.

Listaxe de substitucións en prazas de operario/a de motobomba:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	NAYA RAMA	DAVID	47370868E
2	COSTA TATO	JOSE MANUEL	76366581A

Quinto.- Por Resolución da Alcaldía núms. 2369, 2371, 2372, do 11 de agosto, acordouse a contratación de 1 peón brigada, 1 xefe brigada e de 3 operario de motobomba, respectivamente.

Sexto.- Con data 12/08/2022 e rexistro de entrada núm. 20220000004827 David Naya Rama presenta un escrito nos que declara, resumidamente, que presentou solicitude de participación ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e de 3 prazas de operarios de motobomba, e que ao cubrir o "Anexo II. Modelo de solicitude de admisión", por error, non marcou cunha X a casilla corresponde a peón de brigada, pero que está interesado na cobertura da praza de peón de brigada, polo que solicita que se teña en

conta esta declaración e formar parte da Brigada de Prevención e defensa contra incendios forestais para ocupar a categoría de peón de brigada.

Sétimo.- Con data 12/08/2022 e rexistro de entrada núm. 20220000004828 D. José Manuel Costa Tato presenta un escrito nos que declara, que presentou solicitude de participación ao proceso selectivo para a contratación laboral temporal da brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais e de 3 prazas de operarios de motobomba, e que ao cubrir o "Anexo II. Modelo de solicitude de admisión", por error, non marcou cunha X a casilla corresponde a peón de brigada, pero que está interesado na cobertura da praza de peón de brigada, polo que solicita que se teña en conta esta declaración e formar parte da Brigada de Prevención e defensa contra incendios forestais para ocupar a categoría de peón de brigada.

Consideracións Xurídicas.

Primeira.- A Resolución da Alcaldía núm. 2101/2022 do 20 de xullo de 2022, pola que se aprobaron as bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal da brigada de incendios e de 3 prazas de operarios de motobomba establece na base novena o seguinte respecto da confección de listaxe de substitucións:

"Listaxe de substitucións. Na acta do tribunal incluírase unha relación dos/as aspirantes, por orde de puntuación, que tendo superado o exercicio da oposición, no seu caso, non foran incluídos na listaxe de aprobados/as e proposta de contratación para cada unha das categorías ofertadas, aos efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as. A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais, será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello".

Segunda.- De conformidade coa base 7.3. relativa á fase de oposición, ésta ten carácter eliminatorio e será común para todas as prazas. Consistirá na realización dunha proba física de esforzo que permita garantir as condicións de saúde precisas para o desempeño do posto de traballo.

Terceira.- De conformidade coa base 7.2. relativa á fase de concurso, que se remite ao Anexo I para a valoración dos méritos para cada unha das categorías ofertadas, a experiencia profesional, por traballos realizados como xefe de equipo/capataz/peón en brigadas contra incendios e/ou capataz/peón de Grupo Municipais de Intervención Rápida, Técnicos en protección civil ou postos con similares funcións, valoráronse de igual xeito para as categorías de peón conductor, peón de brigada e operario motobomba.

O mesmo sucede respecto da valoración da formación profesional e dos cursos de prevención de riscos laborais, así como estar en posesión dalgunha das titulacións académicas oficiais que se concretan en ditos anexos, que teñen a mesma puntuación nas distintas prazas ofertadas.

Cuarta.- Principios xerais de eficiencia e eficacia na súa actuación polas AAPP.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público, no seu artigo 3 senta uns principios xerais que deben perseguir na súa actuación todas as AAPP, entre os que se atopan os principios de "servizo aos intereses xerais", obxectividade e o criterio de eficiencia na súa actuación, expresados nos termos seguintes:

"Artículo 3. Principios xerais.

1. Las Administraciones Públicas sirven con objetividad los intereses generales y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Constitución, a la Ley y al Derecho.

Deberán respetar en su actuación y relaciones los siguientes principios:

- a) **Servicio efectivo a los ciudadanos.**
- b) **Simplicidad, claridad y proximidad a los ciudadanos.**
- c) **Participación, objetividad y transparencia de la actuación administrativa.**
- d) **Racionalización y agilidad de los procedimientos administrativos y de las actividades materiales de gestión.**
- e) **Buena fe, confianza legítima y lealtad institucional.**

- f) *Responsabilidade por la gestión pública.*
- g) *Planificación y dirección por objetivos y control de la gestión y evaluación de los resultados de las políticas públicas.*
- h) *Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados.*
- i) *Economía, suficiencia y adecuación estricta de los medios a los fines institucionales.*
- j) *Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.*
- k) *Cooperación, colaboración y coordinación entre las Administraciones Públicas.*

Estes principios de eficacia, obxectividade ou de servizo ao interese público tamén se recollen expresamente na normativa reguladora do réxime local, do que poden servir de exemplo o artigo 6 da Lei 7/1985, de 2 abril, de Bases de Réxime Local ou o artigo 68 da mesma lei, que se transcriben:

“Artículo 6.

1. *Las entidades locales sirven con objetividad los intereses públicos que les están encomendados y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la ley y al Derecho.*

Conclusiones.

- 1) Á vista da actuación do tribunal seleccionador e da proposta de contratación elevada á Alcaldía, procedeuse a contratación de 1 peón brigada, 1 xefe brigada e de 3 operario de motobomba. Por tanto, quedaron vacantes 1 praza de peón condutor e 2 prazas de brigada.
- 2) Á vista da proposta do tribunal seleccionador de listaxes de reserva, ésta so é posible respecto da categoría de operario de motobomba, pois ao non terse presentado aspirantes á fase de oposición (que ten carácter eliminatorio) non caben listaxes de reserva das restantes categorías profesionais da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, xa que incluso quedan prazas vacantes.
- 3) As bases do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e de tres operarios de motobomba aprobáronse nunha única resolución da Alcaldía, na que se contempla unha proba na fase de oposición que é idéntica para as distintas categorías profesionais e única, no sentido de que aquel aspirante que solicitou participar en varias categorías profesionais, so realizou a proba práctica unha soa vez.
- 4) Por outra parte, os méritos que se valoran no proceso selectivo son os mesmos para a categoría de operario motobomba e de peón de brigada e peón condutor, agás no que se refire a estar en posesión do permisos de conducir, que non puntúa para o acceso as prazas de operario de motobomba, por canto o permiso de conducir clase C (superior ao B) é requisito de admisión á praza de operario de motobomba.
- 5) Na selección aspirantes ás distintas categorías profesionais respectáronse os principios, de publicidade, merito e capacidade, sendo idénticas a fase de oposición para todas as categorías profesionais, e tamen os méritos que se valoraron na fase de concurso respecto das categorías de peón de brigada, peón condutor e operario motomba.
- 6) O Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Carballo asinado o 20 de xuño de 2022 para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, esixe que as Brigadas estén integradas por 3 traballadores coa categoría de peón e que este “xa constituídas”. A isto hai que engadir a situación de emerxencia actual cun alto risco de incendios en Galicia, tal e como informa o xefe do servizo de protección civil. Por tanto, e a vista do exposto, en cumprimento dos principios de, servizo efectivo aos cidadáns, eficiencia, eficacia e axilidade, que deben rexer a actuación das AAPP, é defendible aprobar unha listaxe de substitucións na que se inclúan os candidatos propostos polo tribunal respecto da categoría profesional de operario de motobomba, aberto a outras categorías profesionais semellantes (peón / peon condutor para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2022), xa que a tramitación dun novo proceso selectivo para cubrir as prazas de peón condutor/peón de brigada, aínda que se tramitase cuns prazos “acurtados”, demoraría a contratación e suporía un incumprimento do convenio asinado coa Consellería, ademais debe terse en conta que a actividade que se presta (o obxecto da contratación e do convenio) ten carácter estacional e que, dado o avanzado da estación verán e a persistente seca en que se atopa Galicia, a necesidade da contratación presentase como perentoria, tal e como informa o xefe do servizo de protección civil.

Á vista das actuacións anteriores e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a creación dunha listaxe de substitucións para a cobertura de interinidades temporal coa categoría operarios de motobomba, segundo a proposta do Órgano de Selección deste proceso selectivo incluída na acta núm. 2 e última do 10 de agosto de 2022 (Base 8ª da convocatoria), así como para as categorías profesionais de peón conductor e peón de brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais

Listaxe de substitucións para a provisión interina temporal coa categoría de operario de motobomba e e postos de similar categoría profesional (peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais 2022) do concello de Carballo:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	NAYA RAMA	DAVID	47370868E
2	COSTA TATO	JOSE MANUEL	76366581A

Segundo.- A referida listaxe terá carácter rotatorio e vixencia unicamente para este ano en curso.

Terceiro.- Publíquese a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello a efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado dende ao día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso -administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria Accidental
M. Lorena Rey Paulos

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria Accidental
María Lorena Rey Paulos